



Proba de

Código

Reparador/ora de produtos petrolíferos líquidos Categoría III

IPIII

Parte 1. Proba teórica



1. Formato da proba

Formato

- A proba consta de vinte e cinco preguntas tipo test cunha soa resposta válida.

Puntuación

- A nota calcularase de acordo coa expresión: número de respostas correctas - (número de respostas incorrectas/3).
- Considerarase apto cando a puntuación obtida na proba sexa a metade da puntuación máxima.

Duración

- Tempo estimado para responder: 60 minutos.

Materiais e instrumentos que se poden empregar durante a proba

- Bolígrafo con tinta negra ou azul.

Advertencias para o alumnado

- Os exames non deben levar ningún tipo de marca nin texto que poidan identificar a persoa candidata, agás nos espazos reservados para a súa identificación.



1. Na reparación de depósitos usados, pódese utilizar o chorro de area para a limpeza da superficie?

En la reparación de depósitos usados, ¿se puede utilizar el chorro de arena para la limpieza de la superficie?

- A** Si, cando o depósito estea desgasificado.
Sí, cuando el depósito esté desgasificado.
- B** Si, cando a ventilación sexa mecánica.
Sí, cuando la ventilación sea mecánica.
- C** Non, debido ao grande perigo de explosión.
No, debido al gran peligro de explosión.

2. O persoal que estea na zona de seguridade, durante toda a fase de desgasificación, limpeza e reparación do tanque debe levar a roupa:

El personal que esté en la zona de seguridad, durante toda la fase de desgasificación, limpieza y reparación del tanque debe llevar la ropa:

- A** Homologada.
- B** Incombustible.
- C** Nova ou acabada de lavar.
Nueva o recién lavada.

3. Para a correcta desgasificación dun tanque, este debe ter un contido en gases da atmosfera interior que debe estar por debaixo de:

Para la correcta desgasificación de un tanque, éste debe tener un contenido en gases de la atmósfera interior que debe estar por debajo de:

- A** 50 % do límite Inferior de Explosibilidade.
50 % del límite Inferior de Explosibilidad.
- B** 20 % do límite Superior de Explosibilidade.
20 % del límite Inferior de Explosibilidad.
- C** 20 % do límite Inferior de Explosibilidade.
20 % del límite Inferior de Explosibilidad.

4. As persoas operarias que accedan ao interior dun tanque levarán obrigatoriamente:

Las personas operarias que accedan al interior de un tanque llevarán obligatoriamente:

- A** Roupa interior de algodón, máscara de presión positiva de aire, extintor portátil, instrucións escritas de traballo e casco.
Ropa interior de algodón, máscara de presión positiva de aire, extintor portátil, instrucciones escritas de trabajo y casco.
- B** Roupa interior de algodón, máscara de presión positiva de aire e explosímetro de lectura directa con sinal acústico e luminoso conectado permanentemente.
Ropa interior de algodón, máscara de presión positiva de aire y explosímetro de lectura directa con señal acústica y luminosa conectado permanentemente.
- C** Roupa interior de nailon, máscara de presión positiva de aire, ferramentas de traballo, casco e luvas.
Ropa interior de nylon, máscara de presión positiva de aire, herramientas de trabajo, casco y guantes.



5. As dimensións das 2 placas de aceiro S-275 sen chorreado para ensaio de adherencia son:

Las dimensiones de las 2 placas de acero S-275 sin chorreado para ensayo de adherencia son:

- A** 150 mm × 30 mm × 3 mm.
- B** 250 mm × 20 mm × 3 mm.
- C** 50 mm × 50 mm × 3 mm.

6. Segundo a Norma UNE 53.991, na parte de materiais, indica que os reforzos en tanques...

Según la Norma UNE 53991, en el apartado de materiales, indica que los refuerzos en tanques...

- A** Están constituídos por fibras de vidro ensimadas, provistas de axentes de ponte ou apresto plástico compatibles coas resinas utilizadas.
Están constituidos por fibras de vidrio ensimadas, proveídas de agentes de puente o apresto plástico compatibles con las resinas utilizadas.
- B** Están constituídos por antisurfactantes, antiespumantes ou inhibidores de aire autorizados polo regulamento.
Están constituidos por antisurfactantes, antiespumantes o inhibidores de aire autorizados por el reglamento.
- C** Están conformados por mesturas de resinas nas proporcións indicadas pola empresa fabricante da resina.
Están conformados por mezclas de resinas en las proporciones indicadas por la empresa fabricante de la resina.

7. Produciuse un incidente nunha instalación de PPL en servizo polos materiais empregados non conformes coa normativa nas reparacións efectuadas. De quen é a responsabilidade?

Se produjo un incidente en una instalación de PPL en servicio debido a materiales empleados no conformes con la normativa en las reparaciones efectuadas. ¿De quién es la responsabilidad?

- A** Da dirección técnica das obras.
De la Dirección Técnica de las obras.
- B** Da empresa subministradora dos materiais empregados na obra.
De la empresa suministradora de los materiales empleados en la obra.
- C** Da empresa reparadora de PPL que realizou os traballos.
De la empresa reparadora de PPL que realizó los trabajos.

8. Calquera espazo con aberturas limitadas de entrada e saída e con ventilación natural desfavorable, no que poden acumularse produtos tóxicos ou inflamables, ou haber unha atmosfera deficiente en osíxeno, defínese como:

Cualquier espacio con aberturas limitadas de entrada y salida y con ventilación natural desfavorable, en el que pueden acumularse productos tóxicos o inflamables, o haber una atmósfera deficiente en oxígeno, se define como:

- A** Zona 0.
Zona 0.
- B** Recinto perigoso.
Recinto peligroso.
- C** Recinto confinado.
Recinto confinado.



9. Todas as fisuras, depresións, chanzos por solapamento entre chapas, etc., deben encherse cunha masilla para conseguir unha superficie máis ou menos lisa, e tamén para eliminar ángulos que poidan causar dificultades na aplicación do laminado posterior. O ángulo entre a envolvente e o fondo débese encher con morteiro...

Todas las fisuras, depresiones, escalones por solapado entre chapas, etc., deben rellenarse con una masilla para conseguir una superficie más o menos lisa, y también para eliminar ángulos que puedan causar dificultades en la aplicación del laminado posterior. El ángulo entre envolvente y fondo se debe rellenar con mortero...

- A** Deixándoo en esquina, para que non se formen fisuras e mellore a súa resistencia.
Dejándolo en esquina, para que no se formen fisuras y mejore su resistencia.
- B** Deixándoo de forma curva, para obter unha superficie onde se asente o laminado sen producir pregamentos.
Dejándolo de forma curva, para obtener una superficie en donde se asiente el laminado sin producir pliegues.
- C** Deixándoo de forma achafranada, para conseguir un remate de calidade, para así eliminar tensións superficiais.
Dejándolo de forma achaflanada, para conseguir un remate de calidad, para así eliminar tensiones superficiales.

10. Como medida de seguridade previa á reparación no exterior dun tanque deberá disporse dun equipamento de extinción de incendios...

Como medida de seguridad previa a la reparación en el exterior de un tanque deberá disponerse de un equipo de extinción de incendios...

- A** Adecuado ás características do produto contido e ao tipo de tanque.
Adecuado a las características del producto contenido y al tipo de tanque.
- B** Adecuado á potencial carga de lume e ao material do que estea constituído o tanque.
Adecuado a la potencial carga de fuego y al material del que esté constituido el tanque.
- C** Adecuado á posible carga de lume e ás características do produto que conteña.
Adecuado a la posible carga de fuego y a las características del producto que contenga.

11. O arranque das bombas de subministración de auga contra incendios será automático, e a parada:

El arranque de las bombas de suministro de agua contra incendios será automático, y la parada será:

- A** Manual.
- B** Automática.
- C** Manual/automática.

12. Como se denomina o dispositivo para extraer pequenas cantidades de líquidos durante as reparacións que poidan almacenarse en puntos baixos dun tanque?

¿Cómo se denomina el dispositivo para extraer pequeñas cantidades de líquidos durante las reparaciones que puedan almacenarse en puntos bajos de un tanque?

- A** Purgador.
- B** Venteo.
- C** Boquerel.



- 13.** Segundo UNE 53.991, durante a reparación dun tanque de almacenamento de PPL débense eliminar os residuos de:

Según UNE 53.991, durante la reparación de un tanque de almacenamiento de PPL se deben eliminar los residuos de:

- A** Estireno.
- B** Etileno.
- C** Etanol.

- 14.** Para o control de propiedades xerais do laminado, na reparación dos tanques, obteranse probetas co obxecto de realizar ensaios, entre outros, de:

Para el control de propiedades generales del laminado, en la reparación de los tanques, se obtendrán probetas al objeto de realizar ensayos, entre otros de:

- A** Adherencia, resistencia química, resistencia mecánica e dureza.
Adherencia, resistencia química, resistencia mecánica y dureza.
- B** Grao de polimerización, bandas estensiométricas e densometría.
Grado de polimerización, bandas estensiométricas y densometría.
- C** Non é necesario realizar ensaios, xa que se fai proba final de estanquidade.
No es necesario realizar ensayos, ya que se hace prueba final de estanqueidad.

- 15.** As empresas instaladoras ou reparadoras de PPL deben garantir as deficiencias atribuídas a unha mala execución das operacións que lles foron encomendadas, así como as consecuencias que delas se deriven, durante un período de:

Las empresas instaladoras o reparadoras de PPL deben garantizar las deficiencias atribuidas a una mala ejecución de las operaciones que les fueron encomendadas, así como las consecuencias que de ellas se deriven, durante un periodo de:

- A** Un ano.
Un año.
- B** Dous anos.
Dos años.
- C** Catro anos.
Cuatro años.

- 16.** A reparación de tanques de aceiro para combustibles e carburantes só se poderá realizar se se cumpren os requisitos especificados en:

La reparación de tanques de acero para combustibles y carburantes sólo podrá realizarse si se cumplen los requisitos especificados en:

- A** UNE 53.991
- B** ITC-MI-IP01.
- C** UNE 53-361-90.



17. Terminadas as obras de reparación de tanques e instalacións afectadas, e antes de as pór en servizo, someteranse a unha proba de estanquidade. Esta proba será certificada por:

Una vez terminadas las obras de reparación de tanques e instalaciones afectadas, y antes de ponerlas en servicio, se someterán a una prueba de estanqueidad. Esta prueba será certificada por:

- A** A empresa mantedora.
La empresa mantenedora.
- B** Titulado técnico acreditado.
Titulado técnico acreditado.
- C** Organismo de control autorizado.
Organismo de control autorizado.

18. Cal sería o primeiro paso para a reparación do revestimento no caso de deterioración accidental ou de presenza de defectos nunha área delimitada dun tanque?

¿Cuál sería el primer paso para la reparación del revestimiento en el caso de deterioro accidental o de presencia de defectos en una área delimitada de un tanque?

- A** Córtase a zona defectuosa mais uns dez centímetros do seu contorno e sóldase con chapa nova clasificada ATEX.
Se corta la zona defectuosa más unos diez centímetros de su contorno y se suelda con chapa nueva clasificada ATEX.
- B** Límpase a zona defectuosa mais uns dez centímetros do seu contorno e púese a superficie. Píntase con epoxi, de ser necesario.
Se limpia la zona defectuosa más unos diez centímetros de su contorno y se pule la superficie. Se pinta con Epoxi, si fuera necesario.
- C** Sanéase a zona defectuosa mais uns dez centímetros do seu contorno e quítase o po da superficie. Desengráxase, de ser necesario.
Se sanea la zona defectuosa más unos diez centímetros de su contorno y se quita el polvo de la superficie. Se desengrasa, si fuera necesario.

19. Cal sería o segundo paso para a reparación do revestimento en caso de deterioración accidental ou de presenza de defectos nunha área delimitada?

¿Cuál sería el segundo paso para la reparación del revestimiento en caso de deterioro accidental o de presencia de defectos en una área delimitada?

- A** Débese reconstruír o revestimento deteriorado do mesmo xeito que se se fixese todo o tanque.
Se debe reconstruir el revestimiento deteriorado de la misma manera que si se hiciese todo el tanque.
- B** Débese mellorar a reconstrución do revestimento deteriorado con materiais diferentes aos do tanque.
Se debe mejorar la reconstrucción del revestimiento deteriorado con materiales diferentes a los del tanque.
- C** Débese reconstruír o revestimento deteriorado e posteriormente tratarase o resto da superficie do tanque.
Se debe reconstruir el revestimiento deteriorado y posteriormente se tratará el resto de la superficie del tanque.



20. A instalación contra incendios disporá de dous ou máis grupos de bombeo de auga da rede contra incendios accionados por:

La instalación contra incendios dispondrá de dos o más grupos de bombeo de agua de la red contra incendios accionados por:

- A** Unha fonte de enerxía.
Una fuente de energía.
- B** Fontes de enerxías diferentes.
Fuentes de energía diferentes.
- C** Unha fonte de enerxía autónoma e outra manual de engrenaxes.
Una fuente de energía autónoma y otra manual de engranajes.

21. No protocolo de exame de superficies limpas recollido na UNE 53991, o control do espesor debe facerse principalmente nas zonas de máis risco, como son:

En el protocolo de examen de superficies limpias recogido en la UNE 53991, el control del espesor se debe hacer principalmente en las zonas de más riesgo, como son:

- A** O fondo do tanque, a unión fondo-virola, as soldaduras e o roblonado.
El fondo del tanque, la unión fondo-virola, las soldaduras y el roblonado.
- B** As zonas en contacto co material de soterramento e unións de entrada e saída de combustible, así como as das aireacións.
Las zonas en contacto con el material de enterramiento y uniones de entrada y salida de combustible, así como las de las aireaciones.
- C** Só nas soldaduras entre a envolvente e a virola e dispositivos con rosca.
Sólo en las soldaduras entre la envolvente y la virola y dispositivos con rosca.

22. Segundo a norma UNE 53991, que se entende por "curado" nunha reparación de tanques?

Según la norma UNE 53991, ¿qué se entiende por "curado" en una reparación de tanques?

- A** O secado da mestura.
El secado de la mezcla.
- B** O proceso do polimerización.
El proceso de polimerización.
- C** O fraguado do morteiro.
El fraguado del mortero.

23. Finalizados os traballos de curado, antes de que o tanque entre en servizo, se se fai en condicións normais, debe transcorrer:

Finalizados los trabajos de curado, antes de que el tanque entre en servicio si se hace en condiciones normales, debe transcurrir:

- A** 24 horas.
- B** Como mínimo 3 días.
- C** Como mínimo unha semana.
Como mínimo, una semana.



- 24.** Na avaliación do caudal de auga regulamentario (mínimo), en función do tipo de tanque suposto incendiado de hidrocarburos líquidos clases B e C, cun tanque incendiado de raio "R", correspóndelle un caudal de auga para prever para arrefriamento de:

La evaluación del caudal de agua reglamentario (mínimo), en función del tipo de tanque supuesto incendiado de hidrocarburos líquidos clases B y C, con un tanque incendiado de radio "R", le corresponde un caudal de agua a prever para enfriamiento de:

- A** 1,5 l/min por metro de circunferencia.
- B** 15 l/min por metro de circunferencia.
- C** 150 l/min por metro de circunferencia.

- 25.** A mínima temperatura, en °C e a 1 atm de presión absoluta, á que unha substancia combustible, en contacto co aire, desprende a suficiente cantidade de vapor para que se produza inflamación de mestura vapor/aire, mediante a achega a esta dunha enerxía de activación externa, defínese como:

La mínima temperatura, en °C y a 1 atm de presión absoluta, a la que una sustancia combustible, en contacto con el aire, desprende la suficiente cantidad de vapor para que se produzca inflamación de la mezcla vapor/aire, mediante el aporte a la misma de una energía de activación externa, se define como:

- A** LIE.
- B** Punto de inflamación.
- C** LSE.



2. Solución para as preguntas tipo test

Nº	A	B	C	
1			X	
2			X	
3			X	
4		X		
5	X			
6	X			
7			X	
8			X	
9		X		
10			X	
11	X			
12	X			
13	X			
14	X			
15			X	
16	X			
17			X	
18			X	
19	X			
20		X		
21	X			
22		X		
23			X	
24		X		
25		X		